

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello s/n.

27240 Meira (Lugo)

Teléf.: 982 330 102

Fax.:982 104 090

CIF: P2702900H

Enderezo electrónico: concello.de.meira@cidolocal.es

### ACTA DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (SOBRE A), DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DAS OBRAS DE “CAMPA DO PLANTÍO” DO CONCELLO DE MEIRA.

O día 12 de novembro de 2021, ás 17:30 horas na Casa do Concello de Meira, e de acordo co disposto no Prego de cláusulas administrativas particulares e segundo resolución da alcaldía núm. 502/2021, de data 11 de novembro de 2021, réunese a mesa de contratación que está integrada por:

Presidente: Agustín Méndez Moirón (concelleiro deste Concello)

Vogais: Jesús Bouza Fernández (Arquitecto Municipal)

Manuel Carramal Silva (Técnico de Administración Local)

Secretario: Pilar Rozas Alonso (Secretaria-Interventora accidental do Concello de Meira)

De acordo coa cláusula 13.Apertura de documentación e exame das proposicións, do Prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación, e unha vez rematado o prazo para presentación de proposicións, réunese a mesa de contratación para proceder á apertura e cualificación da documentación do sobre “A” en sesión non pública, presentándose as seguintes ofertas:

-UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS,(UTE) CONSTRUCCIONES CARBALLEIRA, S.L. Y CHOLO, S.L., número de rexistro 2972.

-T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L. número de rexistro 2973.

-GRUPO BASCUAS 2008,S.L., número de rexistro 2978

-CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSÉ SAA, S.L., número de rexistro 2980.

A Mesa de Contratación procede á apertura do sobre “A” segundo a orde de presentación das ofertas, presentando todas as propostas a documentación correcta (declaración responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración e documento onde consta a dirección de correo electrónico, fax, teléfono etc., onde remitir comunicacións de ser o caso), así como a documentación relativa aos criterios sometidos a xuízos de valor.

De acordo co punto 13 das bases, procédese a solicitar informe ao técnico municipal para a valoración dos criterios sometidos a un xuízo de valor

E para que así conste, asinan os integrantes do tribunal, no lugar e data sinalada anteriormente.

